



Biblioteca

PLAN ANUAL DE LECTURA

CURSO 2018-2019

ÍNDICE:

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN	3
2. A NOSA BIBLIOTECA	4
2.1. Espazo e instalacións	4
2.2. Horario	5
2.3. Plan de uso da biblioteca escolar	6
2.4. Obxectivos da biblioteca escolar	6
3. OBXECTIVOS	9
4. PLAN DE ACTUACIÓNS NO MARCO DO PROXECTO LECTOR	10
4.1. Actividades de comprensión lectora específicas de cada materia	10
4.2. Actividades para o fomento da lectura ...	11
4.2.1... desde o libro	11
4.2.2... desde a oralidade	12
4.2.3... desde a escritura	13
4.2.4... mediante a dinamización da Biblioteca	14
4.2.5... mediante a elaboración de proxectos documentais	16
4.2.6... con actividades extraordinarias	17
4.2.7... coa “hora de ler”	18
5. ESTRATEXIAS DE COMPRESIÓN LECTORA	19
6. INTEGRACIÓN DAS TICs	21
7. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS NO PROXECTO LECTOR	22
8. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	23

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

A lectura é un dos alicerces básicos de calquera aprendizaxe e unha fonte de adquisición de coñecementos. Para o correcto **desenvolvemento do Proxecto Lector** do Centro elaboramos o **Plan Anual de Lectura (PAL)** que é o documento que recompila todas as iniciativas relacionadas coa formación lectora e a contribución da biblioteca no fomento do hábito lector. Forma parte da **Programación Xeral Anual** e, malia que a súa revisión deba facerse cada novo curso, ten vontade de duración, nas súas liñas principais.

O artigo 26.2 da Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio, modificada pola LOMCE (8/2013 do 9 de decembro), establece que *“a fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias”* da ESO. No artigo 33 dise que un dos obxectivos do bacharelato será *“afianzar os hábitos de lectura [...] como condición necesaria para o correcto aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal”*.

Así mesmo, o artigo 113 de dita lei sitúa ás bibliotecas escolares como lugares contribuidores ao fomento da lectura e de acceso á información. A biblioteca permite acceder a múltiples recursos para a aprendizaxe e compensa as deficiencias ocasionadas polas diferenzas de nivel sociocultural.

Por outra banda, o Decreto 133/2007, polo que se regulan as ensinanzas da ESO en Galicia, establece no seu artigo 5.5 que *“A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas.”*

O propio Ministerio de Educación fixo público en 2011 o **Marco de referencia para as Bibliotecas Escolares** no que se definen como *“centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar . Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe [...]*

nunha dinámica aberta a toda a comunidade educativa.”

Pola súa parte, a IFLA (International Federation of Library Associations) nun documento de 2015 indícase que a biblioteca escolar *é unha contorna física e dixital de aprendizaxe onde a lectura, o interese, a investigación, o pensamento, a imaxinación e a creatividade son centrais para a viaxe cara á información e ao coñecemento dos estudantes, tamén cara ao seu crecemento persoal, social e cultural. É este concepto de biblioteca escolar o que pode favorecer a alfabetización múltiple (comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica sendo esta competencia esencial para a vida e a porta cara ao resto das aprendizaxes)*

2. A NOSA BIBLIOTECA

O Decreto 86/ 2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia sinala, no seu artigo 38, a obrigatoriedade de que a biblioteca sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro.

A biblioteca como “ centro creativo das aprendizaxes”

2.1. Espazo e instalacións

A **biblioteca** do centro está situada nun extremo da planta principal do edificio. E un espazo de 128,8 m² e planta rectangular con moita luz natural, alegre e atractivo. A accesibilidade é moi boa, sen escaleiras e sen necesidade de utilizar o ascensor.

As instalacións da Biblioteca escolar do centro foron melloradas considerablemente nos últimos anos: mellora do sistema de **calefacción**, creación dun **espazo de lectura informal**, mellora do **equipamento informático** (un 2º ordenador para catalogación e préstamo, instalación dunha mesa con cinco ordenadores portátiles para o alumnado conectados a internet e á intranet do centro, pantalla e canón de proxección, lector de código de

barras), substitución de **mobiliario** (mesa de traballo na zona de administración, andeis novos fixos e móbiles, estores, sinalización coas cores tradicionais da CDU)...

A integración no **PLAMBE** (no curso 2010-11) foi un revulsivo para o Centro, o cal realizou un considerable esforzo de renovación nesta aposta polo proceso de impulso á biblioteca. A achega económica veu acompañada dun cambio de mentalidade. Os cartos permitíronnos renovar e ampliar os fondos documentais e dar un cambio estético ao espazo físico. Aínda con camiño por percorrer, a biblioteca estase a converter nun lugar no que apetece estar para ler e traballar e no que cada vez con maior asiduidade se desenvolven actividades relacionadas coa práctica docente.

Dispón de numerosos fondos (neste momento, **máis de 10600 rexistros**), sobre todo bibliográficos e multimedia, que estaban catalogados anteriormente cun sistema propio. Desde hai varios anos empezamos a catalogar co **Programa Meiga** os fondos de nova adquisición e, pouco a pouco, vanse recatalogando e expurgando os fondos antigos.

En todas as aulas de materia hai diferentes dicionarios (de galego, castelán, inglés, francés, grego, latín), así como atlas e mapas murais. Nas aulas destinadas a reforzos educativos hai máis material.

2.2. Horario

A biblioteca permanecerá aberta no primeiro período de lecer (**11:00-11:30 h.**), baixo a supervisión de dous profesores/as de garda que velarán, en todo momento, polo cumprimento das normas establecidas, e atenderán o alumnado que utilice a biblioteca, facilitándolle o acceso as diferentes fontes de información e orientándoos sobre a súa utilización. Neste período os alumnos e alumnas aproveitan para levar libros en **préstamo** á súa casa, utilizar os ordenadores, realizar traballos escolares ou ler no recuncho de lectura informal.

Fóra do horario habitual do recreo, o alumnado, acompañado sempre polo seu profesor ou profesora, poderá acceder á biblioteca, para utilizala como centro de recursos e apoio á aprendizaxe e/ou co obxectivo de fomentar o Plan

Lector.

O labor técnico de organización e mantemento dos recursos documentais estará a cargo do responsable da **Dinamización** da Biblioteca, Susana García López, profesora do Departamento de Lingua inglesa, que conta coa colaboración do **Equipo de Biblioteca** na seguinte dispoñibilidade horaria:

GARDAS BIBLIOTECA 2018-2019	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:20-10:10				Ana Mª Dopazo	
10:10-11:00		Susana García (Dinamización)	J. M. Jesús Coucheiro Susana García	Susana García	
RECREO	·Eva Teijeiro ·Juncal Martínez	·Suso Coucheiro · José D. De Prada	· Ana Mª Dopazo ·Esperanza	·Belén Martín ·Rosa	· Suso Coucheiro · Juncal Martínez
11:30-12:20		Susana García	Susana García	· Susana García ·J. M. Jesús Coucheiro	
12:20-13:10	Ana Mª Dopazo	J. M. Jesús Coucheiro Ana Mª Dopazo			
13:10-14:00					

2.3. Plan de uso da biblioteca escolar

Entendemos a biblioteca escolar como un espazo educativo, que alberga unha colección organizada e centralizada de todos aqueles materiais informativos que necesita o Centro, para desenvolver a súa tarefa docente.

A biblioteca é un recurso imprescindible para a consecución dos obxectivos educativos en todas as áreas, proporcionando un continuo apoio ó proceso ensinanza-aprendizaxe e ó impulso da competencia lectora e do hábito lector así como ó fomento da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

O fin primordial da biblioteca será asegurar o acceso á ampla gama de recursos bibliográficos, informativos e didácticos, de xeito que toda a comunidade escolar poida utilizala con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente.

A biblioteca coordinará as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto Lector

No curso 2018-2019 seguemos a pretender que a biblioteca sexa utilizado de forma sistemática, converténdose nunha importantísima ferramenta de apoio na posta en práctica do Plan Lector do Centro.

2.4. Obxectivos da biblioteca escolar

Neste curso perseguimos avanzar nos obxectivos xa fixados en períodos anteriores:

- 1. Organizar os recursos de xeito que sexan facilmente accesibles e utilizables mediante a catalogación e recatalogación dos fondos a través do programa Meiga e a aplicación da Clasificación Decimal Universal (CDU) e expurgando momentánea ou definitivamente materiais deteriorados ou***

desfasados co fin de adaptar a colección ás necesidades reais dos usuarios.

- 2. Recoller as suxestións e necesidades dos diferentes Departamentos didácticos e elaborar un plan de adquisicións establecendo as oportunas prioridades en función dunha actualización equilibrada dos fondos.*
- 3. Manter o funcionamento das bibliotecas de aula, revisando e colocando dicionarios, atlas e mapas murais en cada clase, mellorando e renovando os seus fondos de forma sistemática segundo as necesidades.*
- 4. Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico da Biblioteca, establecendo períodos de acceso á biblioteca para o alumnado, guiado polo seu profesor, fora do horario habitual do recreo, e co obxectivo de fomentar o Plan Lector. Pretendemos converter a Biblioteca escolar nun espazo dinámico, utilizado con asiduidade polos membros da comunidade educativa.*
- 5. Manter ou, se o presuposto do centro o permite, renovar os cinco ordenadores con conexión a Internet para facilitar o acceso á información en formato dixital.*
- 6. Servir de lugar de encontro para as actividades do Club de Lectura do centro, “Lecturas Leirantes” e facilitar o seu traballo.*
- 7. Difundir entre a comunidade educativa e poñer á súa disposición, mediante o servizo de préstamo, os fondos documentais existentes no centro, tanto os que están en soporte*

impreso como os audiovisuais ou electrónicos, co obxectivo de incrementar os índices de lectura.

- 8. Contribuír á adquisición das competencias básicas recollidas no currículo potenciando a utilización dos recursos dispoñibles na biblioteca, impulsando, en colaboración cos departamentos actividades de fomento da lectura e de dinamización e fomentando a realización de proxectos interdisciplinares e traballos monográficos.*
- 9. Manter o espazo informal de lectura no corredor principal do centro e contribuír ao desenvolvemento de actitudes responsables no uso dos bens comúns.*
- 10. Desenvolver programas de alfabetización informacional (educación documental e formación de usuarios), así como contribuír ao desenvolvemento da competencia dixital e de tratamento da información mediante a integración das TIC na recollida e tratamento desta.*
- 11. Favorecer a minimización das desigualdades sociais mediante un acceso igualitario aos recursos culturais e á información.*
- 12. Favorecer o desenvolvemento das capacidades básicas no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo mediante a programación de actividades adaptadas a el e motivadoras.*
- 13. Colaborar con outras institucións locais para desenvolver programas e actividades que contribúan ao desenvolvemento cultural da zona.*

3. OBXECTIVOS

O Plan Anual de Lectura pretende contribuír, significativamente, á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector no alumnado do noso centro. Para acadar estas metas, o Proxecto Lector marca os seguintes obxectivos:

- 1. Potenciar o desenvolvemento do hábito lector para apoiar a adquisición das competencias básicas desde todas as áreas e materias do currículo, tendo en conta as especificidades de cada unha delas.***
- 2. Mellorar no alumnado o desenvolvemento daquelas competencias, habilidades e estratexias que lles permitan converterse en lectores competentes, capaces de comprender, reflexionar, interpretar e utilizar criticamente diversas fontes de información e documentación e diferentes tipos de textos, en distintos formatos e soportes.***
- 3. Estimular e desenvolver a necesidade e o pracer por ler, fomentando a creatividade e a imaxinación do alumnado mediante a práctica da lectura.***
- 4. Converter a Biblioteca Escolar nun espazo dinámico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector de toda a comunidade educativa.***

4. PLAN DE ACTUACIÓN NO MARCO DO PROXECTO LECTOR

Este Plan céntrase na lectura como unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo, sen esquecer a estreita relación que existe entre *ler* e outros procesos intelectuais complementarios como *escribir*, *falar* e *escoitar*, que posibilitan o desenvolvemento das competencias necesarias para a adquisición de aprendizaxe.

Para facer efectiva a consecución dos obxectivos anteriormente expostos, propónse as seguintes actuacións:

4.1. Actividades de comprensión lectora específicas de cada materia

Cada Departamento determinará na súa programación as cuestións relacionadas co tratamento da lectura, así como as actividades que se van levar a cabo en cada materia ou área para formar lectores competentes e desenvolver o hábito lector. Tamén especificará o tempo e o espazo en relación coa lectura e o uso concreto que se vai a facer da biblioteca escolar e das bibliotecas de aula.

4.2. Actividades para o fomento da lectura

4.2.1. Fomentar a lectura desde o libro

ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN	ESPAZO/TEMPO	NIVEL	RESPONSABLES
PRESENTAR LIBROS	<p>Sesións de presentación de libros para motivar ao alumnado cara as lecturas que lles poidan resultar atractivas</p> <p>Presentación de novidades, libros dun autor ou dun tema de interese</p>	<p>Biblioteca e/ou aula</p> <p>En calquera momento do curso</p>	Todos	Departamentos didácticos
SELECCIONAR LIBROS	<p>Boletíns de Biblioteca e guías de lectura</p> <p>Exposicións temporais sobre un tema</p>	<p>Taboleiro de anuncios, Biblioteca e Blog</p> <p>Cada trimestre ou con motivo dalgunha conmemoración</p>	Todos	Equipo de Dinamización da Biblioteca coa axuda dos Departamentos didácticos
UN MES, UN LIBRO	<p>Escolha entre os fondos dun libro sobre o tema proposto para cada mes</p>	<p>Biblioteca e taboleiros</p> <p>Caderno de rexistro de lectores</p>	Todos	Equipo da Biblioteca e Departamentos
FALAR DE LIBROS	<p>Club de lectura "<i>Lecturas Leirantes</i>"</p>	<p>Biblioteca</p> <p>Todos os meses con sesións a determinar (en horas de lecer ou pola tarde)</p>	Integrantes do Club (calquera curso)	José M ^a Coucheiro, profesor do Departamento de Economía coa axuda doutros membros do Equipo
	<p>Visitas de autores</p>	<p>Sala usos múltiples ou Biblioteca</p> <p>En calquera momento do curso</p>	Todos	Equipo de Dinamización da biblioteca coa axuda dos Departamentos didácticos
	<p>Lecturas obrigatorias, opcionais e suxeridas polos distintos Departamentos didácticos</p>	<p>Biblioteca, aula e/ou Blog</p> <p>En calquera momento do curso</p>	Todos	Responsable da Dinamización da biblioteca e/ou Departamentos didácticos

4.2.2. Fomentar a lectura desde a oralidade

ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN	ESPAZO/TEMPO	NIVEL	RESPONSABLES
NARRAR HISTORIAS COA VOZ	Ler en voz alta textos escollidos nos que predomina a acción na ESO e artigos de prensa en BAC	Biblioteca e/ou aula En calquera momento do curso	Todos	Departamentos didácticos
NARRAR HISTORIAS COA IMAXEN	Mostrar imaxes dun libro ou proxectar diapositivas Proxección de películas e documentais	Biblioteca e/o aula En calquera momento do curso	Todos	Departamentos didácticos
DRAMATIZACIÓN DE LECTURAS	Lecturas dramatizadas de textos (teatro, narrativa, guións cinematográficos...) de autores clásicos e actuais	Biblioteca e/ou aula Segundo trimestre	1º, 2º, 3º, 4º ESO	Departamentos de Linguas (galega, castelá...) Equipo da Biblioteca
TALLER DE CÓMICS	Achegar o mundo da banda deseñada aos rapaces da ESO con exercicios prácticos e unha pequena exposición teórica	Aula Terceiro trimestre	1º ESO	José Mª Coucheiro, profesor de Economía e membro do Equipo da Biblioteca
RECITAL POÉTICO	Selección de poemas sobre un tema que serán recitados por alumnado de 3º e 4º da ESO, profesorado e persoal non docente.	Biblioteca e/ou sala de usos múltiples Maio	3º e 4º ESO	Departamento de Lingua galega e Literatura Equipo de Dinamización da Lingua Galega

4.2.3. Fomentar a lectura desde a escritura

ACTIVIDAD	DESCRIPCIÓN	ESPACIO/TIEMPO	NIVEL	RESPONSABLES
BLOG bibioleiras.blogspot.com	Publicación e difusión das actividades realizadas desde a Biblioteca, coa finalidade de que sexan valoradas e comentadas por toda a comunidade educativa	Biblioteca, aulas e domicilios Todo o curso	Todos	Susana García, responsable da Dinamización da biblioteca
Caderno SOMOS O QUE LEMOS "Lecturas á carta" (sección do Blog <i>Bibioleiras</i>)	Publicación de comentarios persoais sobre as lecturas realizadas polo alumnado	Ordenadores da Biblioteca Todo o curso	Todos	Departamento de Lingua galega e Literatura
CONCURSO DE CREACIÓN LITERARIA	Concurso de relatos curtos e poesía	Aula, Biblioteca, aulas de informática, domicilios... Maio-Xuño	Todos	Departamento de Lingua galega e Literatura EDLG
CREACIÓN LITERARIA COA MÚSICA	Actividades de relación da música coa creación literaria (narrativa e ensaio)	Aulas de Música e de Informática Todo o curso	3º e 4º ESO	Departamento de Música
BLOG e-un-falar.blogspot.com	Publicación das actividades desenvolvidas polo EDLG	Dep. de Lingua Galega Todo o curso	Todos	Equipo de Dinamización da Lingua Galega

4.2.4. Fomentar a lectura mediante a dinamización da Biblioteca

A. Actividades relacionadas coa difusión dos fondos

- Edición de **boletíns** ou **guías de lectura** con libros seleccionados sobre diferentes temas, autores e novidades. Os boletíns colocaranse no taboleiro situado no corredor da planta principal próximo á biblioteca con imaxes adicionais que resulten atractivas e publicaranse no Blog.
- Paralelamente nunha mesa da biblioteca destinada para ese fin colocaremos **exposicións** dos libros incluídos nas guías de lectura ou das novidades. Estas exposicións temporais irán variando, segundo un calendario proposto polo equipo da biblioteca, adicadas a un autor acontecemento, xénero literario, tema, conmemoración...
- Manteremos o **Blog** biblioleiras.blogspot.com, un espazo para falar de libros: propor lecturas (por exemplo, *o recomendador invisible*), criticar lecturas, crear unha lista dos máis lidos, publicar reseñas, contos, poemas, etc. E sobre todo, que toda a comunidade poida coñecer e opinar sobre as actividades propostas e desenvolvidas desde a nosa Biblioteca: charlas, concursos, exposicións, lecturas colectivas...

B. Actividades de formación de usuarios

Para moverse con fluidez entre os distintos tipos de materiais e recursos que ofrece a Biblioteca, é necesario desenvolver unha serie de habilidades básicas. Con esta finalidade a Biblioteca deseñará programas de **formación de usuarios e colaboradores** cos seguintes obxectivos:

- Coñecer o espazo bibliotecario, as normas de funcionamento e os servizos que proporciona. Programa MEIGA.
- Comprender como se organizan os documentos mediante a CDU.
- Aprender a buscar e localizar os documentos.
- Aprender a consultar o catálogo dos fondos da nosa biblioteca manexando o OPAC.

- Coñecer as fontes de información e os diferentes formatos e soportes.
- Aprender a usar os documentos.
- No curso **2018-2019** trataremos de crear un grupo estable de **alumnado voluntario**, con formación inicial, distribución de tarefas e supervisión do profesorado que integra o equipo de biblioteca.

C. Actividades relacionadas co fomento da lectura

- **Club de lectura “Lecturas Leirantes”**

A biblioteca será o lugar de encontro preferente para as actividades do Club de lectura, coordinado este curso polo profesor José M^a Coucheiro. O alumnado e profesorado integrante do club reuniranse na biblioteca unha tarde por mes (a determinar) e dúas veces por mes na hora de lecer e/ou pola tarde (tamén en días por determinar) a fin de poñer en común os sentimentos e opinións sobre as lecturas ou películas do Club.

Procuraremos realizar **actividades conxuntas con outros clubs de lectura**.

- **Apadriña un lector / amadriña unha lectora**

Nesta iniciativa, que xa vén sendo “tradicional” polo éxito da mesma, participarán nenos e nenas de 5 anos do CEIP de Casás, apadriñados polo noso alumnado 1º de BAC e do club de lectura. Preténdese fomentar o interese polos libros nos futuros lectores, desenvolvendo a capacidade de escoita, mellorando a atención e comprensión de textos orais, así como favorecendo a práctica da lectura expresiva nos lectores “veteranos” (vocalización, entoación, inflexións de voz, xestualización...) ante os pequenos oíntes. Outro dos obxectivos é potenciar as relacións interpersoais e crear un vínculo afectivo entre o padriño/madriña e afillado/a fillada.

- **Espazos de lectura informal**

Potenciaremos a lectura individual colocando libros e revistas que non son obxecto de préstamo no recuncho de lectura informal, renovando diariamente a prensa na mesa do corredor central e creando novos espazos de lectura noutras zonas do centro. Por exemplo, os alumnos e alumnas dispoñen dunha zona fóra da Biblioteca, no corredor central, con cómodos sillóns, andeis con algúns libros, cómics e revistas.

- **Colaboración coa Biblioteca Nodal de Lugo e outras institucións**

Tentaremos de seguir colaborando coa Biblioteca Nodal nas propostas que nos fixeron en cursos pasados:

- Utilizar o carné institucional do instituto para solicitar o préstamo de ata cen libros cada vez cada mes e medio, co fin de enriquecer a oferta de fondos da Biblioteca Escolar co préstamo de libros de temáticas determinadas.
- Aproveitar os eventos organizados pola Biblioteca Nodal (visitas de autor, conferencias..)

- **Hoxe veño falar do meu libro favorito**

Invitaremos a alumnos/as, pais, nais, profesores/as e outras personalidades a comentar lecturas.

4.2.5. **Fomentar a lectura desde a elaboración de proxectos documentais**

Potenciarase a realización de pequenos traballos de investigación en todas as materias, utilizando fontes variadas tanto impresas como dixitais e seleccionando de forma crítica a información recompilada.

4.2.6 Fomento da lectura con actividades extraordinarias

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	ESPAZO/TEMPO	NIVEL	RESPONSABLES
REPRESENTACIÓNS TEATRAIS E CONTACONTOS	Asistencia a diferentes representación teatrais e <i>contacontos</i>	Auditorio "Gustavo Freire", Biblioteca ou Sala de usos múltiples En calquera momento do curso	Todos	Departamentos de Linguas e Equipo da Biblioteca
SEMANA DO LIBRO	Ambientación de aulas e exposición de traballos do alumnado nos corredores, relacionados co Día do Libro	Aulas e corredores Abril	Todos	Departamento de Lingua castelá e Literatura
SEMANA DAS LETRAS GALEGAS	Achegamento á obra de Antón Fraguas homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2019	Corredor principal Maio	Todos	Departamento de Lingua galega e Literatura
VIAXES LITERARIAS	Rutas e actividades relacionadas cun autor ou obra literaria	Museo de Lugo, Casa Museo de Manuel María, vilas e lugares de Galicia ... En calquera momento do curso	Todos	Equipo de Dinamización da Lingua Galega e outros Departamentos
MARCAPÁXINAS E CAMISETAS	Elaboración de marcapáxinas e camisetas con lemas e motivos de fondo literario	Aula de Plástica e Biblioteca Segundo trimestre	Todos	Equipo da Biblioteca en colaboración co Departamento de Plástica
CONMEMORACIÓNS	Celebración de diferentes datas significativas: día de Rosalía, día da tradución, día contra a violencia de xénero, día do autismo...	En calquera espazo do centro Data correspondente	Todos	Departamentos didácticos Equipo da Biblioteca
CREACIÓN DE MURALS	Elaboración de diferentes murais relacionados co mundo da lectura	Biblioteca e/ou corredores En calquera momento do curso	Todos	Equipo da Biblioteca

4.2.7. Fomentar a lectura coa “HORA DE LER”

En varios grupos da **ESO** (cada ano imos variando os cursos) queremos dedicar unha hora semanal á lectura libre e silenciosa dentro do horario lectivo do alumnado. Deseñaremos un **calendario rotatorio de lectura** para tal fin, cun reparto proporcional de materias e horas.

Cada aula terá o **horario** onde constará a hora de ler. O alumnado ten que levar, xunto co resto do material, o libro de lectura á aula que lle corresponda tanto si é un desdobre, un laboratorio, a aula de informática ou o ximnasio. Os períodos de garda tamén poden ser utilizados para potenciar esta práctica.

Desde a Biblioteca se fará unha selección, o máis ampla e variada posible (textos literarios, divulgativos, lúdicos, periodísticos...) entre os libros dispoñibles dos fondos da mesma e a elección de textos será libre por parte do alumnado, responsabilizándose do préstamo. Para esta finalidade haberá que aumentar os fondos situados nas bibliotecas de aula ou prestar desde a biblioteca un lote de libros que irá rotando polas aulas. De forma excepcional, o alumnado poderá traer da súa casa os seus propios libros. Traballarase preferiblemente a lectura individual e silenciosa, aínda que tamén se permitirán as lecturas en voz alta e dirixidas polo profesorado que así o decida.

Elaboraremos unha **folia de rexistro** onde recoller os nomes dos lectores e os libros elixidos. Alí apuntarán cando empezan a lelos e cando rematan, e unha pequena valoración concretada nunha puntuación en un comentario.

Durante a hora de ler sería conveniente que o profesorado tamén lese para reforzar a través do seu propio hábito de lectura o ambiente lector do centro.

5. ESTRATEXIAS COMÚNS PARA MELLORAR A COMPRENSIÓN LECTORA

A comprensión lectora é o proceso mediante o cal o lector establece relacións interactivas co contido da lectura, vincula as ideas con outras anteriores, contrástaas, arguméntaas e logo saca conclusións persoais.

É necesario ensinar estratexias de comprensión lectora porque queremos:

- Facer lectores autónomos, capaces de afrontarse de xeito intelixente a textos de moi diferente índole.
- Conseguir que os nosos alumnos sexan construtores de significado, en lugar de lectores pasivos de textos que transfiren unicamente a información.
- Contribuír a dotar o alumnado dos recursos necesarios para aprender.

As tarefas de lectura compartida serán a ocasión para que o alumnado aprenda e use as seguintes **estratexias referidas ao proceso lector** para comprender os textos:

- Antes da lectura:
 - Botar unha ollada sobre o texto e realizar unha lectura rápida para identificar os puntos máis importantes e planificar a lectura.
 - Determinar os obxectivos da lectura (*Para que vou ler?*).
 - Activar os coñecementos previos. A información nova apréndese e recórdase mellor cando se integra co coñecemento relevante previamente adquirido o cos esquemas existentes (*Que sei deste texto?*).
 - Formular hipóteses a partir do título, das imaxes ou da lectura rápida e facer predicións sobre o texto (*De que trata este texto? Que me di a súa estrutura?*).

- Durante a lectura:
 - Formular preguntas sobre o lido.
 - Aclarar dúbidas.
 - Inferir o significado dunha palabra polo contexto.
 - Buscar no dicionario.
 - Verificación e reformulación de hipóteses.
 - Reler partes confusas.
 - Crear imaxes mentais para visualizar descrições vagas.
 - Resumir o texto.

- Logo da lectura:
 - Identificar a idea principal do accesorio.
 - Facer resumos de forma oral e/ou escrita.
 - Identificar a estrutura do texto.
 - Utilizar técnicas de organización do texto (esquemas, mapas conceptuais) para comprender o contido do texto, reelaboralo, adaptalo aos esquemas persoais e elaborar informes escritos.
 - Formular e responder preguntas.
 - Relacionar o lido con outros temas ou coñecementos.
 - Opinar, comentar, falar e escribir sobre o que se le.

6. INTEGRACIÓN DAS TICs

Os Proxecto Lector e o Proxecto TIC deben complementarse para traballar nos complexos procesos de multialfabetización.

A **competencia dixital e no tratamento da información** esixe que ensinemos aos nosos alumnos a:

- **acceder á información** , o cal implica coñecer o funcionamento das distintas **ferramentas** proporcionadas polas novas tecnoloxías (Plan Tic).
- **transformar a información en coñecemento**, o que supón manexar **habilidades intelectuais** -analizar, interpretar, sacar conclusións...- (Proxecto Lector).
- **expresarse e comunicarse**, o cal implica **crear documentos, difundilos e interaccionar** socialmente a través deles (Plan Tic + Proxecto Lector).
- **usar correctamente a información**, o cal implica certas actitudes e valores (Plan Tic + Proxecto Lector).

Incorporaremos as TIC nos hábitos lectores do noso alumnado do seguinte xeito:

- Empregando en todas as materias os recursos de Internet co obxectivo de motivar o proceso de aprendizaxe.
- Ensinando criterios de procura de información en Internet e enciclopedias multimedia.
- Utilizando os recursos TIC (procesador de textos, presentacións, ...) na presentación dos traballos de educación documental para mellorar a súa expresión escrita.
- Fomentando a creación de blogs e a utilización das ferramentas 2.0 para difundir os proxectos e potenciar a capacidade creativa do alumnado.

- Consequindo nas sesións de formación de usuarios que o alumnado manexe o OPAC e poida consultar o catálogo dos fondos da nosa biblioteca.
- Impulsando a lectura da prensa dixital e as visitas virtuais a museos.
- Utilizando o correo electrónico para a comunicación escolar.

7. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS NO PROXECTO LECTOR

A complicidade e apoio da familia é unha base esencial para a obtención de logros aos que vai encamiñado este proxecto. As medidas que adoptaremos para lograr tal fin son as seguintes:

- É necesario animar os pais e nais a colaborar no Proxecto. As familias serán informadas nas reunións de comezo de curso do contido do Plan Lector e dos obxectivos do Plan de Lectura e de uso da Biblioteca.
- Elaborar circulares ou boletíns para pais e nais con suxestións de lecturas.
- Ofrecemento do servizo de préstamo a pais e nais.
- Reunións de dinamización cos pais e nais que mostren maior interese para promover a súa participación activa na biblioteca e en actividades puntuais.

8. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A valoración do Plan anual de Lectura ha de ser continua, a partir da observación permanente e reflexiva e ha de permitir coñecer o grao de consecución dos obxectivos previstos con obxecto de mellorar o Proxecto Lector e proporcionar datos para adoptar medidas correctoras.

O centro redactará ao final de cada curso escolar un **informe de autoavaliación** que incluíra os seguintes aspectos:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da súa competencia lectora.
- Relato do desenvolvemento das experiencias propostas no Plan Anual de Lectura.
- A análise da biblioteca: fondos e equipamento, estatística dos servizos bibliotecarios, a súa integración e utilización na práctica ensino-aprendizaxe e valoración das actividades de educación documental e de fomento da lectura realizadas.
- As propostas de mellora, se as houbese, que se incorporarán na Programación Xeral Anual do próximo curso.

Aplicaremos os seguintes **criterios de avaliación**:

- Eficacia do sistema de xestión (Proxecto MEIGA) dos fondos: catalogación, servizo de préstamo, colocación nos andeis, etc.
- Grao de utilización polo profesorado, polos diferentes grupos de alumnos e polos alumnos a nivel individual.
- Adecuación das diferentes actividades desenvolvidas na biblioteca ao que se pretendía con elas.
- Grao de satisfacción que a lectura produce nos alumnos.

- Desenvolvemento de hábitos de traballo cooperativo entre alumnos e entre profesorado e alumnado.
- Grao de autonomía dos alumnado como usuario de biblioteca.
- Utilización dos ordenadores da biblioteca: adecuación aos obxectivos propostos (lectura documental e traballo a partir dela).
- Grao de renovación e actualización dos fondos.

Para obter unha información o máis completa e obxectiva utilizaremos un abano o máis amplo posible de **instrumentos de avaliación**:

- Observación de diarios de lectura e cadernos. Cada profesor rexistra o progreso de cada alumno na comprensión lectora mediante o traballo diario no aula.
- Probas escritas ou orais: resumos, exposicións orais, cuestionarios sobre aspectos concretos, tests de respostas múltiples, elixir entre verdadeiro ou falso, ordenar un texto, buscar a idea principal, establecer a estrutura, definir vocabulario.
- As tarefas de lectura compartida poden ser utilizadas polo profesorado para proceder á avaliación formativa da lectura do alumnado e do proceso mesmo, constitúen a ocasión para que o alumnado comprenda e use as estratexias que lle son útiles para comprender os textos.
- Conversacións informais sobre os libros lidos.
- Autoavaliación do alumnado: implicar o alumnado na avaliación para analizar conxuntamente as súas dificultades concretas.
- Blog e sitios web: comentarios dos libros e as actividades de dinamización de lectura.
- Participación no Club de lectura e actividades promovidas pola Biblioteca.

- Análise e obtención de conclusións dos datos obtidos do servizo de préstamo de fondos sobre a incidencia nos hábitos de lectura dos nenos e nenas.
- Análise de enquisas pasadas ao alumnado e profesorado sobre o uso da biblioteca e a súa valoración da mesma.
- Facer unha valoración dos traballos e actividades realizados tendo como eixe a biblioteca.
- Reflexionar sobre a inclusión de aspectos lúdicos ou doutra índole (exposicións, proxeccións de cine, etc.) nos espazos da biblioteca.

Lugo, a 28 de setembro de 2018

Asdo. Susana García López,

responsable da Dinamización da Biblioteca Escolar do IES Leiras Pulpeiro